



Do 28 ao 30 de xullo terá lugar o Oenach Atlántico, a cita de verán por excelencia da comarca de Ferrolterra, unha data que devolve Narón ao mundo celta do que procede e que encetará co encendido de lumes. Trátase dun evento de marcado carácter cultural e etnográfico que congrega milleiros de persoas cada verán e que xa foi declarado Festa de Interese Turístico de Galiza. Non o perdas! >>> **2-3**

## Narón volta ao mundo celta co Oenach

### Camiño Inglés

Unha riqueza cultural e natural

**Axenda** Música tradicional e internacional, mercado medieval e actividades para todos os públicos

### Para comer... e ver!

Patrimonio e gastronomía

**Entrevista** Celia González, xefa de estudos da Escola de Teatro de Narón

### Camiñar... e non só!

Tres rutas a pé e en bici



## Verde que te quero verde

Para todos os públicos

Programa de actividades de lecer e cultura para todos os públicos nas prazas de Narón. A primeira xornada xa decorreu o día 2 e as seguintes terán lugar o 9, o 16 e o 23 de xullo. Na xornada do 9, as crianzas poderán gozar do espectáculo musicado "Letras e notas", de Magín Blanco e de Tino Proyecttio, con repertorios de diferentes versións musicais. Terá lugar na rúa 25 de Xullo, no Alto, ás 12.30h. O día 16 de xullo, Inacio Vilariño levará a Narón "Bou Catrineta", un

espectáculo de narración oral para público familiar, e tamén actuará Telón Abierto, formación cubana con espectáculos de danza tradicional, campesiñas e populares. Será na rúa Campoamor, na Gándara, ás 12.30h. A derradeira xornada do Verde que te quero verde contará coa presenza de Gloria Mosquera, quen representará "As aventuras de mamá cabra" e Blah!, un espectáculo musical cunha amalgama de estilos. Terá lugar na rúa Francisco Pizarro, en Santa Icí, ás 12.30h.



# Narón volve á época celta

**Lecer** O Oenach Atlántico de Sedes, en Narón, é unha das citas de verán ineludíbeis da comarca, un encontro ao redor do mundo celta que congrega milleiros de persoas cada edición, que xa suma XIX. Do 28 ao 30 de xullo terá lugar esta festa máxica, que bebe da tradición da Galiza e que foi declarada Festa de Interese Turístico.

### F. CAROU

Fotos: CEDIDAS

Co ritual do acendido de lumes dará comezo o 28 de xullo o Oenach Atlántico de Sedes, un evento de marcado carácter etnográfico e cultural que devolve Narón ao mundo celta. Trátase dunha cita que xa vai pola súa XIX edición e que naceu no seo dun programa de cooperativas de traballo comunitario cuxo obxectivo era lograr a participación da veciñanza e facela protagonista do seu desenvolvemento rural. Os traballos de investigación do arqueólogo municipal, André Pena, deron pé para sentar os alicerces desta festa participativa hai xa case vinte anos.

Organizado polo Padroado da Cultura de Narón, do que é vicepresidenta a concelleira de Cultura, Marián Ferreiro, e pola Asociación Veciñal Rosa dos Ventos da parroquia de Sedes, o Oenach –palabra que

significa lugar de encontro da comunidade– afonda na didáctica do patrimonio de Galiza. "Queremos que as persoas coñezan e valoren o patrimonio propio", indican fontes da Concellaría de Cultura.

"Aínda que con moitas licenzas, reconstruímos en Sedes a Idade de Bronce e a Idade de Ferro, para iso apoiámonos en museos e fundacións, como no Castro de Viladonga e, en base a estudos e publicacións, fomos contribuíndo á formación das veciñas e veciños", explican a *Sermos Galiza* fontes da Concellaría de Cultura. A participación é tal que é a propia veciñanza quen elaborou a vestimenta e mesmo as pallozas, unha delas a escala real. "Sen esa concepción de festa participativa, o Oenach carecería de sentido", engaden.

Deste xeito, o Oenach transcende a recreación dunha aldea celta e vén constituír

un evento multidimensional con base etnográfica a través dunha didáctica museística dinámica e viva, cuxas protagonistas son as veciñas e veciños de Sedes. Trátase, así, dun evento integrador de diversas áreas do patrimonio en que teñen cabida, alén da recreación teatral popular, artesanía, música, gastronomía e obradoiros. Un amplo abano de actividades que permite que cada ano se reúnan na antiga Feira do Trece máis de 15.000 persoas.

### O programa

Após o acto de inauguración, que terá lugar o día 28 ás 21h e que consiste no acendido de lumes, terá lugar ás 22h a Noite de Música Galiciana, en que o protagonista será Davide Salvado.

A xornada do sábado, 29 de xullo, abrirá ás 11h coa Feira de Artesanía e co Mercadiño Artesán. Á mesma hora

comezará o Castro Miúdo, que abrangue actividades lúdicas enfocadas ás crianzas, que aprenderán a facer a súa propia escavación arqueolóxica. Ás 13h iniciárase o vermú do Oenach, amenizado co concerto de Pesdelán e ás 14h será a quenda do Oenach

gastronómico, con numerosos postos de comida.

Os xogos populares terán lugar a partir das 16h e ás 17h Títeres Tropicallo represen-



## O contexto

Preguntámoslle ao historiador de Narón André Pena, experto en celtismo, polo contexto histórico en que se enmarca o Oenach. O investigador defende que “os celtas non morreron nin desapareceron nin lle botaron ácido sulfúrico, nin son un trisquel nin un castro. O celta é a cultura do Atlántico, a nosa cultura, nós somos un país celta vivo que na Idade Media era dunha forma e na Idade de Ferro, doutra”. “Dentro de Europa, os celtas funcionan da mesma maneira, organizanse exactamente igual, falan linguas emparentadas e teñen a mesma relixión e organización social”, sinala, “a nobreza mandaba un fillo a unha especie de seminarios internacionais onde estudaban vinte anos todas as ciencias e cando volveron ás súas terras feitos doutores aplicaban o dereito en cada sitio exactamente igual”.

Salienta os ciclos festivos de 90 días en que os pobos celtas organizaban o ano, “era como o calendario actual, tiña catro festas principais, que hoxe se cristianizaron”. Así, o primeiro Oenach –xuntanzas e lugares de encontro, unidade– do ano era a Candeloria (febreiro), “unha festa moi celebrada por ser a época en que casaban os paxaros, abríase a temporada de pesca, voltaba o leite ás ovellas, derretíase a neve...”. Despois chegaban Os Maios (maio), “cando facían os lumes dos maios” e o primeiro de agosto, “cando a deusa nai paría os froitos da terra, as colleitas”. Finalmente, tiña lugar o 1 de novembro, “cando a terra morría”. “Esas xuntanzas dan os ciclos, pero ademais había outras dúas festas: o solsticio de verán e o de inverno”, afirma.



Estampas do Oenach de edicións anteriores, en que destacan as representacións teatrais.



tará a obra de teatro “Jiñol”. Ás 18.30h comezará a Parada Etnográfica da Música e o Baile Tradicional e ás 22.30h abrirase a Noite do Castro,

unha das citas máis atractivas do Oenach: a representación teatral da veciñanza, que garda con celo o argumento en que leva meses traballando. O Castro de Eiravedra, o castro matriz, símbolo da parroquia de Sedes, acollerá a función teatral, en que están postas todas as miradas, pois o ano pasado congregou máis de mil persoas.

O domingo, 30 de xullo, o Oenach abrirá ás 11h coa Feira de Artesanía e Merca-

**O OENACH É  
FROITO DUN  
PROGRAMA  
DE MERCADO  
CARÁCTER  
COMUNITARIO E  
PARTICIPATIVO**

diño Artesán, hora á que dará comezo a Carreira Popular ao Castro e o Castro Miúdo, as actividades lúdicas enfocadas ás crianzas. Ás 13.30h encetará a recreación teatral na Campa Castrexa e ás 14h as persoas asistentes poderán gozar do Oenach Gastronómico.

Os xogos populares terán

**UN DOS PRINCIPAIS  
EVENTOS TERÁ  
LUGAR O SÁBADO Á  
NOITE, COA OBRA  
TEATRAL A CARGO  
DA VECIÑANZA**

lugar ás 16h e ás 17h o Deporte Rural. A Parada Etnográfica da Música Tradicional comezará ás 18h e ás 19.30h, a entrega de trofeos. Unha tarde ategada de actividades que concluírá ás 20h.





Varios espazos

Do 7 ao 9 de xullo

## Mercado medieval

Espectáculos circenses e recreación histórica na rúa

Comeza o venres 7 de xullo ás 18h con "O mercado cobra vida", ao que segue, ás 19h, a ruada de inauguración, con Olta Gabhar, Drako e Luis Oviedo. As actividades da primeira xornada complétanse con espectáculos de trapezio, roda alemá e lume, musicais e de recreación histórica e con máis ruadas. A última das actividades do venres comeza ás 23h. O sábado 8 o mercado abre de 11h a 14.30h e de 18h a pasadas as 23h, tamén haberá

espectáculos musicais, de acrobacia e de recreación histórica, alén das rudas. O mercado finalizará o 9 de xullo, domingo, xornada en que as casetas volverán abrir ás 11h. Ruadas, shows de acrobacia e persoeiros históricos percorrerán o Parque do Río Freixeiro para devolver a vida do Medioevo. Os postos do mercado, ao igual que o sábado, permanecerán abertos até a hora do xantar e volverán abrir de 18h a pasadas as 23h.

# O Camiño Inglés ao seu paso por Narón

**Patrimonio** Un dos atractivos turísticos de Narón é o tramo do Camiño Inglés, que atinxe máis de 8 quilómetros e que atravesa os puntos paradigmáticos a nivel de patrimonio artístico, paisaxístico e natural. Un percorrido imprescindible!

## CONCELLO DE NARÓN

Foto: CEDIDA

Narón, concello de preto de 40.000 habitantes e, polo tanto, oitavo da provincia da Coruña, forma parte do trazado do Camiño Inglés de peregrinación a Santiago de Compostela. A primeira etapa, Ferrol-Neda (15km), transcorre a maior parte polo Concello de Narón, con 8,6 km. Dende o polígono industrial da Gándara e botando a andar pola marxe da ría, a 3,3 quilómetros atopámonos co Mosteiro de San Martiño de Xuvia, tamén coñecido como Mosteiro do Couto. Esta edificación está declarada monumento artístico nacional polo Ministerio de Cultura e é propiedade da Diocese de Mondoñedo-Ferrol. As súas orixes remóntanse ao reinado

de Ramiro I, a mediados do século IX. Cos Condes de Traba, a mediados do século XI terá un novo auxe, aínda que a súa época de maior esplendor será no século XII cando se incorpore a Orde de Clunny, edificándose a igrexa románica. Neste monumento atópase a igrexa de San Martiño cunha construción actual que data do século XII, se ben a súa fachada e a torre son do século XVIII.

O seguinte punto de especial interese atópase a 2,4 quilómetros, onde descubriremos o muiño das Aceñas, un muiño de mareas levantado a finais do século XVIII e promovido por unha sociedade de empresarios galegos e franceses e que foi unha das principais fábricas de fariñas de Galicia no século XIX.

A continuación, e atra-

vesando a ría, a peregrina ou peregrino descubrirá o fermoso paseo marítimo de Xuvia, onde atopará a única "árbore senlleira de Galicia" da comarca, para a que a

**A PRIMEIRA ETAPA DO CAMIÑO TRANSCORRE NA SÚA MAIOR PARTE POLO CONCELLO DE NARÓN, CON 8,6 KM**

Xunta de Galicia lle outorgou protección autonómica no ano 2007, ao incluíla no catálogo de "Árbores senlleiras de Galicia" e que conta tamén coa protección integral do Concello de Narón. Trátase da magnolia grandiflora de Santa Rita de Xuvia, cos seus máis de 6 metros de perímetro de tronco é a maior de Galicia e,



probabelmente, de España.

Nesta contorna natural atópase tamén o Muiño de Xuvia, que en 1858 era o principal muiño do país en capacidade de produción da súa clase. Recibía o trigo en

barcos e exportaba fariña ao Báltico, América e a Santander. Este muiño fariñeiro chegou a mover unha fábrica de papel.

Este fermoso trazado cheo de rico patrimonio histórico,

Pazo da Cultura  
15 de xullo



## Festival Internacional de Folclore

### Música tradicional

Organizado polo Padroado da Cultura do Concello de Narón, o XXVII Festival Internacional de Folclore de Narón terá lugar o 15 de xullo ás 21h no Pazo da Cultura. Os grupos convidados deste ano son a Agrupación Folklórica e mais a Asociación Cultural Acoidán, de Tenerife; Danzas e Cantares Rexionais do Orfeão da Feira, de Portugal; Telón Abierto, de Cuba; e Asociación do Centro Xuvenil de Kyrenia, de Chipre. Os grupos do Padroado serán o Grupo de Baile Tradicional Alxibeira do Padroado da Cultura Concello de Narón e mais a Banda de Gaitas do Padroado da Cultura do Concello de Narón.



**NARÓN**  
para os teus ollos



rroquia do Val están documentados dous hospitais de peregrinos en Santa Margarida, no século XVIII, e os peregrinos estaban dende o século XII baixo a protección da Basílica de San Sadurniño, segundo o historiador do Concello de Narón André Pena Granha.

Na Oficina de Turismo do Concello de Narón, localizada nas inmediacións

### TRÁTASE DUN FERMOSO PERCORRIDO NATURAL E PATRIMONIAL

da glorieta de Freixeiro e operativa durante a tempada estival, as peregrinas e peregrinos que camiñan cara a Compostela poden selar a credencial.

Así mesmo, na web oficial [www.turismo.naron.es](http://www.turismo.naron.es) pode obterse máis información sobre o Camiño Inglés e doutros recursos turísticos e festas gastronómicas e populares que se celebran no noso Concello.

Tamén na web institucional do Concello de Narón [www.naron.es](http://www.naron.es) se atopa o blog "Narón, Cidade Fidalga" onde o historiador do Concello de Narón André Pena Granha, documenta dun xeito máis detallado a historia do territorio da Terra de Trasancos.

cultural e natural é, sen dúbida, un dos atractivos turísticos do Concello de Narón.

Non obstante, o Camiño de Santiago, polo interior ou costeiro foi circular ata as guerras napoleónicas.

A peregrinación inglesa no Camiño costeiro do norte inaugúrase no século XI tras fundar en Normandía, Guillermo o conquistador, rei de Inglaterra en 1067, a comuna de Saint-James a 20 quiló-

metros de Mont-Saint-Michel. Peregrinos ingleses -segundo recollen os itinerarios da época-, seguían polos santuarios costeiros a case recta costa atlántica e cantábrica: Ribadeo, Viveiro, Ortigueira,

Cariño, Cedeira (Santo André de Teixido), Valdoviño, Narón e Ferrol, enlazando co actual trazado de Ferrol a Santiago de Compostela, xunto con normandos, bretóns, alemáns e flamencos. De feito, na pa-

## Para comer... e ver!

### Arte románica Mosteiro do Couto

Visitamos un dos principais reclamos turísticos de Narón: o popularmente coñecido Mosteiro do Couto, tamén chamado Mosteiro de San Martiño de Xuvia, que se atopa situado no barrio homónimo, a escasos metros da ría. A época do seu máximo esplendor tivo lugar no século XII, e hai estudos que sitúan a data da súa construción no IX. Aínda que se realizaron actuacións co paso dos anos, consérvase a igrexa románica dos séculos XII e XIII.

O mosteiro caracterízase por contar cunha planta basilical de tres naves de cinco tramos e arcos de medio punto peraltados. No seu interior consérvanse varios sepulcros da época medieval e no seu exterior destacan tres ábsidas con xanelas de medio punto. Ademais do seu valor arquitectónico, o edificio contén unha importante riqueza escultórica nos capiteis do interior do templo; nos caneiros do exterior, tanto no muro norte como nas ábsidas, considerándose estes últimos de maior interese pola súa riqueza iconográfica e antigüidade; e no conxunto funerario do cabaleiro Rodrigo Esquíu. A torre corresponde ao século XVIII e está formada por tres sinxelos corpos: o superior, cunha pequena cúpula; o intermedio, ou das campás, de planta cadrada; e o inferior, tamén de planta cadrada.

Situado en plena ruta Xacobeá do Camiño Inglés –sobre o que escribimos nas páxinas precedentes–, o mosteiro foi declarado monumento artístico nacional en 1972. **FC.** Foto: CEDIDA



## Para pemento... o do Couto!

**FC.** Fotos: CEDIDAS

O pemento máis popular do país é o de Padrón, mais o do Couto non lle ten nada que envexar. De feito, ten até a súa propia festa. Trátase dunha variedade autóctona que, a diferenza do de Padrón, non pica. Isto é posíbel grazas á ausencia da capsicina, que lle confire un sabor máis doce. E, precisamente, porque non pican, son cada vez máis apreciados por persoas consumidoras e profesionais da hostalería. De produción limitada, conta desde o 23 de febreiro de 2010 con selo da Indicación Xeográfica Protexida (IXP) e toma o seu nome do mosteiro recollido na parte superior.

André Pena, historiador de Narón, recuperou para o pregón da festa de 1995 a lenda do pemento do Couto, aquela que di que chegara ao Mosteiro de San Martiño de Xuvia un visitante ilustre (o Padre Sarmiento) a quen o prior (Felipe Colmenero) agasallara con xantares a base dos mellores produtos das leiras. Nunha destas comidas (un guiso) o infernal picor dos pementos contrariara o distinguido visitante. A tristura do prior era tanta que soñou que San Martiño lle dicía que convidara de novo o persoeiro e volvera facerlle o guiso, que desta vez non picarían os pementos. A lenda di que non pican



por intercesión do santo, aínda que hai quen afirma que o prior se dedicou a estudar as variedades e a cruzalas entre si até que deu cos pementos que non picaban.

#### A festa: 15 e 16 de xullo

A Festa do Pemento do Couto terá lugar nesta ocasión o 15 e 16 de xullo, dúas xornadas gastronómicas que non deixarán indiferente ningúen. A festa iniciarase o sábado 15, ás 19.30h, co *showcooking* a cargo de Lucía Freitas, do Grupo Nove Cociñeiros. Ás 23h, dentro da programación, “Noites do mosteiro”, iluminarase o Mosteiro do Couto, un

espectáculo visual que paga a pena contemplar. De 23h a 00.30h, terá lugar o concerto de música de cámara no propio mosteiro (con aforo limitado, mais sen previa inscrición). E ao redor das 00h, unha performance de música e luz con fadas.

Ás 13h do 16 de xullo será a lectura do pregón, a cargo de Carlos Rodríguez Dacal, doutor en Botánica e autor de numerosas obras, e media hora máis tarde, o xuramento das novas damas e cabaleiros da Orde do Pemento do Couto. O xantar consistirá en churrasco con pementos do Couto e cachelos, con prezos populares, e de 17 a 19h terá lugar a visita guiada dramatizada ao mosteiro, co cabaleiro naronés Froila Bermúdez, interpretación do guía-actor Suso Martínez. E non faltará o baile, a partir das 18h. Que aproveite e o disfruten!



**FC.**


Fotos: LAURA GONZÁLEZ, CEDIDA, PEPE DO COUTO

### Ruta dos muíños polo río Xuvia


É esta unha ruta de 9 quilómetros e dificultade baixa que percorre as ribeiras do río Xuvia, o principal do concello. É un agradable paseo descendente, entre vizosa vexetación, que chega até a ría de Xuvia, sorteando muíños e demais construcións e industrias de carácter fluvial (pesqueiras, presas, pontes...).

Partimos do colexio de Piñeiros cara á ría de Xuvia para darmos co Muíño das Aceñas (s. XVIII). Continuaremos pola marxe do paseo marítimo da ría até a Ponte dos Andrade. Após cruzarmos a estrada, veremos o Muíño de

Xuvia e percorrermos a marxe naronesa do río, até darmos coa coñecida como Presa do Rei, coas ruínas da piscifactoría e coas pescarías, datadas da Idade Media. Uns metros após, chegaremos ás Cerdeiras, coa ponte e o Muíño de Gradaille. O próximo destino é o Muíño de Entreríos, cunha contorna ben conservada, con mesas e bancos de pedra onde poder descansar. A continuación, chegaremos ao Muíño de Chao, ou Muíño de Pedroso, totalmente restaurado e coa maquinaria operativa. Tamén conta con área de descanso e xogos para crianzas.



**Pena Molexa,  
a barca lunar**



**À esquerda, Muíño das Aceñas; abaixo, capela de Santa Margarida.**

## **Ruta polo camiño a Santo André**

Aproximadamente 42 quilómetros suman o total do camiño, mais son 13 os que conforman o percorrido entre os límites do Concello de Narón. Partimos do Mosteiro de San Martiño de Xuvia para nos dirixir ao Outeiro do Castro de Petouzal; baixaremos ao Muíño das Aceñas para cruzar a estrada de Castela dirección ao Feal, por onde pasare-

mos perto do Castro de Sequeiros. A ruta lévanos á Pena de Embade. Seguiremos pola Carreira de Arriba, nos límites entre Narón e o Concello de Valdoviño. De camiño ao Monte Esperón, atopamos a ruta etnográfica do Concello de Narón e, no punto máis alto, o miradoiro que ofrece unha magnífica panorámica do Val de Trasancos.

## **Os camiños milenarios do Val**

Con saída do Pazo de Libunca, esta ruta ten unha lonxitude de 17,97 quilómetros e a súa dificultade é alta, mais ten un grande interese histórico, etnográfico e cultural, salpicado de pasaxes que permiten gozar da natureza. Partimos do Pazo Libunca, no lugar da Venta en San Xiao para chegar á mámoa de Santa Margarida. Tamén poderemos ver Pena Molexa, un monumento megalítico situado na parroquia do Val, moi perto do asentamento castrexo de Vilasuso. O Mosteiro de Baltar e a capela de Santa Margarida serán outros dos puntos polos que pasaremos. Da pequena igrexa de planta rectangular cunha soa nave destaca a porta principal, datada do primeiro terzo do século XVI. Finalizamos a ruta no cruceiro, unha obra de formas arcaicas elaborado en pedra de dunita.

## **Narón a pé e en bici**

**Tres percorridos** Rural e urbano, natureza e industria; tradición e modernidade... Propoñemos tres rutas para coñecer Narón: pola ribeira de Xuvia; polo camiño a Santo André e Os camiños milenarios do Val.



## Celia González xefa de estudos da Escola de Teatro de Narón

# “No teatro as crianzas aprenden a tratarse con respecto e igualdade”

**BEA GUTIÉRREZ**

Foto: CEDIDA

A Escola de Teatro de Narón, que pertence ao Padroado da Cultura, é todo un referente no panorama cultural galego. Oferta cursos de formación e tamén obradoiros para todas as idades, leva máis de vinte anos promovendo, divulgando e ensinando a arte do teatro. Falamos con Celia González, profesora e xefa de estudos da escola.

### A Escola de Teatro de Narón data xa dos anos noventa, non?

Si, pero naceu como un obradoiro. É a partir do 2002-2003 cando comeza con esta estrutura que ten, dividida por cursos e por materias, con profesoras e profesores específicos para cada materia.

### Que formación se oferta? Hai dous tipos diferenciados?

Si, digamos que hai como unha á que se lle dedica máis tempo, o que sería a formación de actrices e actores. Son tres anos de formación dividida en diferentes materias para profundizar un pouquiño máis. Por outro lado, temos os obradoiros das parroquias, para todas as idades, para adultos, crianzas e terceira idade. Dependendo das idades, hai varios grupos.

### As cotas de inscrición son moi baixas, como se financia a escola?

A escola ten unha financiación do Concello, principalmente. As cotas son mínimas.

### Que proxectos ten a escola cara ao futuro?

Agora mesmo son tres anos de formación, e queremos engadir para xente que xa rematou e quere seguir vinculada a

esta formación uns cursos xa máis breves. Estarían pensados para cando rematen eses tres anos de formación continuada. Serían uns cursos de formación máis específicos e máis breves. Algo moito máis concreto para a xente que xa rematou. Non é unha formación que requira esa constancia, de estar todas as tardes alí. Sería algo máis curto no tempo. Queremos que as persoas que vaian saíndo poidan volver e seguir formándose.

### Faise algunha representación?

Si, facemos un espectáculo por ano. É o último curso da escola o encargado de facer ese acto pero logo tamén temos mostras de traballos concretos durante todo o ano: de voz, de danza, de

### “A ESCOLA DE TEATRO CREA UN PÚBLICO ESTÁBEL PARA TODOS OS ESPECTÁCULOS E ACTIVIDADES, NON SÓ NO ÁMBITO TEATRAL, TAMÉN NO CULTURAL”

teatro físico, de verso... Dependendo do que esteamos traballando con elas e con eles pois facemos mostras abertas ao público nas que expoñemos o traballo que se está facendo.

### Participan tamén as máis pequenas e pequenos?

Non, isto é das escolas de formación. Despois nos grupos das parroquias, tanto de pequenos como adultos, como da terceira idade, faise un espectáculo ou unha obra cada curso no auditorio a mediados de maio.



### Que lle achega esta escola á vila?

Crea un público estábel para todos os espectáculos, para todas as actividades, e non só no ámbito teatral, senón no cultural, a nivel xeral. Xente que coñezo que pasa pola escola coméntame cousas como “pois eu agora leo máis, pois eu agora vou moito máis ao teatro...” Moitas cousas que che vai contando a xente. Algo bo debe de facer.

### No caso das persoas máis novas, por que é positivo que comencen a facer teatro?

Pois xa só polo simple feito de que comencen a facer teatro, unha actividade grupal, iso xa require que esa nena ou ese neno sociabilice con outras nenas e nenos. É unha actividade grupal en que, digamos, todas e todos están no mesmo punto. Ves como todos aprenden a tratarse con respecto e con igualdade. Ninguén destaca.